

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Visto o texto do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia (código de convenio nº 8200302), que subscribiron con data do 10 de outubro de 2008, dunha parte, os representantes da Administración autonómica, e, doutra, as organizacións sindicais, Unión Xeral de Traballadores (UGT), Confederación Intersindical Galega (CIC), e de conformidade co disposto no artigo 90 puntos 2º e 3º do

EDUCADOR/A

PROFESOR/A ESPECIAL

b) Todas aquelas persoas físicas vinculadas coa Xunta de Galicia por contrato laboral de prestación de servizos, de carácter civil ou mercantil.

c) O persoal experto docente de formación ocupacional, de escolas obradoiro e de obradoiros de emprego.

d) Os/as artistas de espectáculos públicos do IGAEM.

Artigo 2º.-Vixencia e denuncia.

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Os efectos económicos terán efectos retroactivos ao 1 de xaneiro de 2008 e serán revisados, se é o caso, anualmente de acordo co disposto na Lei de orzamentos para a Comunidade Autónoma de Galicia.

A vixencia deste convenio durará o 31 de decembro do ano 2009, prorrogándose automaticamente, a non ser que se produza denuncia escrita de calquera das partes dentro dos 60 días antes do vencemento da vixencia; en tal caso, a comisión negociadora deberá comunicarse dentro dos 20 días seguintes á denuncia.

ACORDA:

SOCIAL

CAPÍTULO II
ÓRGANO DE VIXILANCIA



EDUCADOR/A / PROFESOR/A ESPECIAL

Baixo a denominación “Educador/a / Profesor/a especial” encádranse as prazas da Administración autonómica galega correspondentes ao exercicio da Educación Social.

Estes postos están destinados nos centros de menores, nos centros de educación especial, nos centros de atención a discapacitados psíquicos (CAMP), nos equipos de menores das delegacións provinciais da Vicepresidencia, ou nos xulgados.

Para o acceso a estas prazas admítense, ademais de Educación Social, outras titulacións diversas. Esta situación, herdada dende antes que existise a titulación de Educación Social, resulta agora totalmente anacrónica e inadecuada. Debemos recordar que na creación da nosa titulación tivo vital importancia a existencia dunha demanda social de persoal especificamente formado, que non atendía á oferta de títulos universitarios daquel momento. Superada esta carencia de formación universitaria específica, deixa de ter sentido a contratación de perfís profesionais diferentes neste tipo de postos, así como as denominacións imprecisas como “Educador/a / Profesor/a Especial”.

Esta situación é máis grave aínda se temos en conta que case todos os perfís profesionais que poden ter acceso a estas prazas teñen a súa propia categoría única nos cadros de persoal da Xunta de Galicia, sen admitir máis titulación que a súa. É lóxico que, por exemplo, a unha praza de psicólogo/a só teña acceso unha persoa titulada en Psicoloxía, pero esa mesma lóxica hai que aplicala tamén na Educación Social, eliminando dunha vez por todas ese “funil” inxusto que permite a todos acceder ás nosas prazas pero nos limita aos/as educadores/as sociais só á nosa categoría.

Dende o comezo da súa actividade no ano 2001, o CEESG ten intentado modificar esta circunstancia a través da elaboración de documentos xustificativos e peritaxes dos postos, contactos e reunións con diversos cargos políticos e sindicais, co obxectivo de crear unha categoría única no Convenio Colectivo Único

de persoal laboral da Xunta de Galicia, que se denomine “Educador/a Social” e que esixa como única titulación de acceso a diplomatura en Educación Social ou habilitación por parte do CEESG.

A nosa proposta tiña un carácter integrador, sen excluír a todas aquelas persoas que exercían o seu posto traballo dentro desta categoría, fora cal fora a súa titulación de orixe.

Con esta solicitude buscabamos a necesaria normalización e regularización dunha profesión recoñecida no marco académico xa dende o ano 1991, no *Real Decreto 1420/1991 do 30 de Agosto, do Ministerio de Educación e Ciencia, que establece o título universitario oficial de Diplomado/a en Educación Social*, e no marco xurídico coa *Lei 1/2001, de 22 de xaneiro, de Creación do Colexio de Educadores Sociais de Galicia*.

Tras a publicación da última convocatoria destes postos (DOG de 22 de marzo de 2006) a protesta do colexio formulouse tamén por vía xudicial, interpoñendo recurso que resultou en primeira instancia desfavorable no proceso de acceso libre e favorable no proceso de promoción interna e cambio de categoría. Finalmente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sentenciou en contra do colexio en ambos procesos.

No DOG de 3 de novembro de 2008 publicouse o novo Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. A situación segue sendo a mesma que no convenio anterior: “Educador/a. Profesor/a Especial”.

A publicación deste convenio nas mesmas condicións anteriores é un feito triste e desmotivador, pero debemos coller folgos para seguir reivindicando o que é xusto, e así o faremos.

ACTUACIONES REALIZADAS

- Deseño e distribución do CD *En Galicia, En Galego. Boas prácticas de normalización lingüística nas accións socioeducativas*, que recompila diversas experiencias socioeducativas. Subvencionado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Desenvolvemento do curso *Traballo socioeducativo en saúde mental*, que tivo lugar en Santiago de Compostela os días 14, 15, 28 e 29 de novembro.
- Envío de aportacións ao borrador de Plano de estudos do título de grao en Educación Social proposto pola Universidade de Santiago.
- Escrito ao Concello de O Pino en relación a unha praza de “Técnico de intervención familiar/psicólogo”, publicada no BOP de A Coruña de 31 de outubro. Sinálase a conveniencia de que os profesionais que desenvolvan os programas de educación familiar sexan Educadoras/es sociais.
- Escrito ao Concello de O Grove en relación á praza de “Técnico especialista en prevención de drogodependencias”, publicada no BOP de Pontevedra de 10 de novembro. Deféndese que as/os educadoras/es sociais poden desenvolver as funcións vinculadas ao posto.
- Escrito ao Concello de O Rosal en relación á praza de “Técnico de información xuvenil - Animador/a sociocultural”, publicada no BOP de 17 de novembro. Deféndese que a Animación Sociocultural é un ámbito propio das/os Educadoras/es Sociais.
- Doazón do 1% de ingresos correntes dos exercicios 2006 e 2007 a un proxecto de desenvolvemento social para a construción de duchas solares no Internado da Comunidade de Río Mulato.
- Asistencia ás *Xornadas Galegas de Educación Familiar: Enfoques no traballo socioeducativo con familias: E ti, cómo o enfocas?* organizadas pola Secretaría Xeral de Igualdade e celebradas os días 6 e 7 en Santiago de Compostela. Acudiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente do CEESG.
- Asistencia ás *I Xornadas de Violencia de Xénero e Servizos Sociais: Unha visión Integral* organizadas polo Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e celebradas en Santiago os días 13 e 14. Acudiu Sofía Riveiro, Vogal do CEESG.
- Asistencia ao *I Congreso en Planificación en Servizos Sociais*, organizado polo Goberno de La Rioja e celebrado en Logroño os días 20 e 21. Asistiu Chus Gutiérrez, Vogal do CEESG.
- Asistencia ao acto de presentación da nova Lei de Servizos Sociais, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión de 25 de novembro. O acto, organizado pola Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar, tivo lugar o día 28 en Santiago. Asistiu Sofía Riveiro, Vogal do CEESG.
- Participación no II Foro de Emprego da Universidade de Santiago, celebrado os días 11 e 12 de novembro en Santiago. Chus Gutiérrez presentou as actuacións de formación e emprego do CEESG na *Mesa redonda de colexios profesionais*.
- Participación no 2º Congreso Ibérico *A Fenda Dixital: as TIC, entre a Escola e a Comunidade*, organizado por diversas entidades académicas e polo concello de Silleda e celebrado os días 21, 22 e 23 de novembro. Varios membros do CEESG interviñeron na mesa titulada *A Educación Social na Sociedade do Coñecemento*.
- Preselección de colexiados para postos de Educador/a Social en varias localidades galegas para a empresa Coesco.

ARTIGO DE INTERESE: AVISOS DO CEESG

- **AGASALLO DE NADAL:** Ao calendario que vos facemos chegar cada ano, sumamos nesta ocasión os documentos profesionalizadores, na súa versión en galego. Agrupados nunha única publicación, son froito do traballo colaborativo entre as distintas entidades representativas dos intereses das educadoras e educadores sociais. Recolle tres documentos fundamentais que definen a profesión e o facer dos profesionais da Educación Social: Definición da Educación Social, Código Deontolóxico e Catálogo de Funcións e Competencias.
Fé de erratas. O calendario achegado contén un erro no enderezo de correo electrónico, sendo o correcto: ceesg@colexioeducadores.com.
- **COTAS COLEXIAIS:** A finais do próximo mes de xaneiro realizarase o cobro da cota de mantemento colexial correspondente ao primeiro semestre do 2009. Á actual cota engadiráselle a correspondente suba do IPC.
As persoas que teñan dereito a cota bonificada (por desemprego ou salario inferior ao SMI) deben facer chegar ao CEESG a documentación oportuna **antes do día 1 de xaneiro**. Non serán admitidas solicitudes de cotas bonificadas con posterioridade á data sinalada, dada a existencia de xuros bancarios sufragados por emisión e devolución de cotas.
- **DISTRIBUCIÓN DE PUBLICACIÓN:** O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar doou ao CEESG máis de 100 exemplares da publicación titulada **Procesos de inclusión sociolaboral en Galiza. Documento técnico**, editada polo Departamento de Inclusión Social da Área de Benestar do Consorcio. Os exemplares serán enviados por correo postal a todas aquelas persoas colexiadas que así o soliciten (ata esgotar existencias).
- **CATÁLOGO ONLINE:** Xa está dispoñible o catálogo online da biblioteca, que permite facer buscas por autor, título, etc. www.colexioeducadores.com/biblioteca.asp

FORMACIÓN CONTINUA

IV XORNADAS SOBRE CALIDADE DE VIDA EN PERSOAS MAIORES

Organiza: UNED. Universidade Nacional de Educación a Distancia

Lugar: Madrid

C/ Senda del Rey, 7

Edificio de Humanidades - UNED

Prezo:

- Cota Xeral: 40 €

- Cota para membros de asociacións e colexios profesionais de educadores/as sociais: 35 €

- Cota gratuita para estudantes matriculados en determinados cursos da UNED (contactar coa organización para informarse de qué cursos se trata)

Información: gloriaperez@edu.uned.es

CON DESCENTO
PARA COLEXIADAS/OS

SEXUANDO: I XORNADA DE MOCIDADE E SEXUALIDADE

Organiza: Rede de centros Quérote

Lugar: Vigo. Sala Verbum.

Avda. Samil, 17

Datas: 23 e 24 de xaneiro de 2009

Información: www.querote.org

IGUALDADEFORMA Formación en liña sobre violencia de xénero

Organiza: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

Contido: Cursos en materia de violencia de xénero

Datas: Docencia a partir de xaneiro de 2009. Matriculación a partir de novembro de 2008.

Información: www.igualdadeforma.org

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Becerreá (Lugo): Anuncio da oferta de emprego público. Unha praza de Director de Centro de Servizos Sociais. DOG de 04/11/08

Concello de Arteixo (A Coruña): Anuncio da oferta de emprego público para o 2008. Unha praza de Orientador Laboral. Dúas prazas de Alfabetizador de Adultos. Unha praza de Dinamizador Social. Unha praza de Mediador Intercultural. DOG de 14/11/08

Concello de Redondela (Pontevedra): Corrección de erros da oferta de emprego público. Unha praza de Educador/a Social. BOP de 19/11/08

Deputación Provincial de A Coruña: Bases para a elaboración de listas de aspirantes para o posible nomeamento como funcionarios interinos e/ou laborais temporais para posto de Técnico medio para a xestión de proxectos. BOP de 24/11/08

Concello de O Porriño (Pontevedra): Anuncio da oferta de emprego público. Unha praza de Orientador/a Laboral. BOP de 28/11/08

Concello de Teo (A Coruña): Anuncio da oferta de emprego público. Unha praza de Técnico/a de educación e dinamización xuvenil. Unha praza de Animador/a cultural. Unha praza de Educador/a Familiar. Unha praza de Técnico local de emprego. BOP de 28/11/08

OUTROS

Consellería de Traballo: Orde pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións públicas destinadas á realización de accións de apoio e acompañamento á formación. DOG de 12/11/08

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento. DOG de 14/11/08

Ministerio de Sanidade e Consumo: Resolución da Secretaría Xeral de Sanidade, pola que se publica o Convenio específico para o ano 2008 do Protocolo xeral de colaboración, entre o Ministerio de Interior (Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas) e a Xunta de Galicia. BOE de 25/11/08

Ministerio de Cultura: Resolución da Dirección Xeral de Política e Industrias Culturais, pola que se convocan as axudas de acción e promoción cultural correspondentes ao ano 2009. BOE de 26/11/08

OUTRAS CONVOCATORIAS

EMPREGO

Posto: Educador/a Social, para traballar en centros de menores, tipoloxía: Casas de Familia. Valorarase residencia próxima á zona, carné de conducir e vehículo propio. **Zona:** Lugo, Ourense e Pontevedra. **Horario:** Turnos rotativos. **Salario:** 14.000-16.000 euros/ano.

Convocado por: Asociación Fogares e Apoio ó Menor Lar.

Contacto: Tlf.: 620 436 418 / rosanabarreiros@yahoo.es

OFERTA DE EMPREGO



Posto: Educador/a ou Traballador/a Social. (Nº Oferta: 969736). Empresa dedicada á xestión sociocultural e animación infantil, precisa persoal para impartir cursos a nenas/os de primaria e do segundo Ciclo da ESO. Necesaria titulación na rama e dispoñibilidade para desprazarse por colexios de toda a provincia. Entre 20 e 35 anos. Valoran experiencia como docente. Con permiso de conducir clase B. Xornada parcial.

Contacto: www.cimoemprego.com, O Portal Galego do Emprego, ou chamando ao 988391525 ou 902116039 (Telemprego CIMO)